

Excmo. Sr.:

A Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense, informa o seguinte:

1º.- Que se ha recibido neste Servicio un escrito de D. Manuel Pérez Pérez, en calidade de presidente da Xunta de Montes de Vilarino das Touzas, con data 26 de Marzo de 1996, solicitando a transformación en convenio do consorcio "San Mamed", 171 "OR, 2025 na parte correspondente os veciños de Vilarino das Touzas.

2º.- Que se acompaña certificación do secretario da comunidade D. Manuel Queixa Tarrazo, na que se fai constar que en asemblea xeral, en data 17 de marzo de 1996, tomouse o acordo de inicia-los trámites para a subscripción do convenio.

3º.- Que o monte veciñal en man común de San Mamed que se quere convenir se compón de 95,10 Hás. que constitúen unha parte das 216,90 Hás. que forman o consorcio do monte "San Mamed, 171" (OR-2045).

4º.- Que en sesión do 28 de febreiro de 1977, o Xurado Provincial de M.V.M.C. tomou o acordo de clasificar o monte de "San Mamed" a favor dos veciños de Vilarino das Touzas, de Concello de Riós, sendo firme o acordo o non ter reclamacións presentadas no prazo.

5º.- Que os traballos de repoboación imputables o consorcio do monte "San Mamed, 171" (OR-2045), comezaron no ano 1952.

6°.- Que o estado de contas do monte "San Mamed, 171" (OR-2045), na parte correspondente os veciños de Vilarino de Touzas, é o seguinte:

ESTADO DE CONTAS DO MONTE "SAN MAMED, 171", (OR-2045), NA PARTE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE VILARINO DAS TOUZAS.

ATA O 28 DE FEBREIRO DE 1977.

- GASTOS:

Gastos totais do consorcio: 1.294.994.-Ptas.

Correspondentes a parte de -
"Vilarino das Touzas":

-Traballos: 1.294.994x95,10 Ha/216,90Ha. 567.791,-Ptas.

-Gardería: 1.575 ptas./Ha. x 95,10 Ha. 149.782,- "

- Administración: 7,85%/567.791.-Pts. 44.572,- "

TOTAL GASTOS..... 762.145,-Ptas.

-INGRESOS:

Ingresos totais do consorcio: 49.992.-Ptas.

Corresponde a parte de "Vilarino das
Touzas":

-Aproveitamentos maderables:
49.992 ptas.x95,10Ha/216,90 Ha.: 21.919.-Ptas.
-Condoación débeda lei 13/1989..... 740.226.- "

TOTAL INGRESOS..... 762.145.-Ptas.

Resulta un saldo de CERO PESETAS na data da
clasificación

DENDE O 28 DE FEBREIRO DE 1977 O 31 DE DECEMBRO
DE 1995

-GASTOS:
Gastos totais do consorcio: 6.778.776.-Ptas.

Corresponde a parte de "Vilarino
das Touzas":

-Traballos: 6.778.776pts.x 95,10
Ha./216,90Ha. 2.972.160.-Ptas.
-Gardería: 950 ptas./Ha. x 95,10Ha. 90.345.- "
-Administración: 7,85%s/2.972.160pts. 233.315.- "

TOTAL..... 3.295.820.-Ptas.

-INGRESOS:

Ingresos totais do consorcio: 3.251.708.-Ptas.

Corresponden a parte dos veciños de
Vilarino das Touzas:

-Aproveitamentos maderables:
3.251.708.-pts.x95,10Ha./216,90 Ha. 1.425.714.-Ptas

TOTAL 1.425.714.-Pts

RESULTA UN SALDO NO MONTE "SANMAMED, 171" OR-2045 NA PARTE CORRESPONDENTE OS VECIÑOS DE VILARINO DAS TOUZAS DE:

G-I = 3.295.820.-Ptas. - 1.425.714 ptas. = 1.870.106.-Ptas.
A FAVOR DA XUNTA DE GALICIA.

Á vista de de isto, propoñemos a V.E.:

1º.- Que se aprobo o convenio do monte si procede coas seguintes bases:


Nome: "SAN MADED".
Elenco: 32155108.
Superficie: 95,10 Hás.
Pertenza: Veciños de Vilarino das Touzas.
Termo municipal: Rios.
A contabilizar como subvención: 50%.
A contabilizar como anticipo: 50%.
Interés sobre ó anticipo: 1%.
Participación da Comunidade no voo creado: 70%.
Participación da Consellería no voo creado: 30%.
Saldo inicial do Convenio: 1.870.106.-ptas. a favor da Xunta de Galicia.

2º.- Que da conta de gastos e ingresos do consorcio "San Mamed, 171" OR-2045 se resten respectivamente as cantidades de 3.539.951,-Ptas. e 1.447.633.-Ptas. que corresponden a parte do monte do consorcio que se cancela.

Non obstante V.E. resolverá.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 1996.

O SUBDIRECTOR XERAL DE MONTES E
INDUSTRIAS FORESTAIS,



Asdo.: Plácido Baamonde López.

VºBº

O DIRECTOR XERAL,



Asdo.: Carlos del Álamo Jiménez.

ILMO. SR. CONSELLEIRO DE AGRICULTURA, GANDERÍA E MONTES.-

Visto o expediente de transformación parcial do consorcio OR-2045 do monte "SAN MAMED, 171", nun convenio entre a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e a Comunidade de veciños de Vilarino das Touzas (Concello de Rios-Ourense), propietaria do monte veciñal en man común "SAN MAMED", integrado por 95,10 Has. do citado monte "San Mamed" e a vista dos informes favorables, emitidos pola Subdirección Xeral de Montes e Industrias Forestais e polo Servicio de Montes e Industrias Forestais da Ourense, esta Sección Xurídica entende que procede a aprobación do devandito convenio, nos termos propostos, por axustarse ó previsto na Lei 5/1977, do Fomento da Producción Forestal, ó Real Decreto 1279/78, que aproba o seu Regulamento, e ó Decreto 69/84, polo que se deixa sen aplicación, no ámbito da Comunidade Autónoma, ó artigo 57 do devandito Real Decreto, así como a Lei 13/89 de Montes Veciñais en Man Común e ó Decreto 260/92, que aproba o seu Regulamento.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 1996.

A XEFA DA SECCIÓN XURÍDICA,



Asdo.: M^a José Tato Rocha.

ILMO. SR DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL.-

Vista a proposta formulada pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural, e logo dos informes favorables emitidos pola Sección Xurídica, e pola Xefatura Provincial de Montes e Industrias Forestais de Ourense.

R E S O L V O

1º.- Que se aprobe o Convenio das seguintes características:

Nome do monte: "SAN MAMED".

Elenco: 32155108.

Superficie: 95,10 Hás.

Pertenza: Veciños da Vilarino das Touzas.

Concello: Rios.

A contabilizar como subvención: 50%.

A contabilizar como anticipo: 50%.

Interés sobre ó antaicipo: 1%.

Participación da Comunidade no voo creado: 70%.

Participación da Consellería no voo creado: 30%.

Saldo inicial do convenio: 1.870.106.-pts. a favor da XUNTA DE GALICIA.

2º.- Que da conta de gastos e ingresos do consorcio "San Mamed,171" OR-2045 se resten respectivamente as cantidades de 3.539.951 ptas. e 1447.633.-ptas. que corresponden a parte do monte do consorcio que se cancela.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 1996.

O CONSELLEIRO,

P/D

O SECRETARIO



Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez.

(O. do 13-12-93)

ILMO. SR. DIRECTOR XERAL DE MONTES E MEDIO AMBIENTE NATURAL. -

C O N V E N I O

N.º	321	55108
-----	-----	-------

En Santiago de Compostela, a de de mil novecentos noventa e

R E U N I D O S

Dunha banda, D. ANTONIO LUIS ROSON PEREZ, POR DELEGACION DO, Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes, en virtude da Orde do 13-12-1993

Da outra, D. MANUEL PEREZ PEREZ, como representante da comunidade propietaria do monte veciñal en man común de "SAN MAMED", segundo se acredita neste mesmo documento.

Ámbalas dúas partes recoñécense capacidade suficiente para asina-lo presente convenio.

E X P O Ñ E N

O artigo 27.10 do Estatuto de Autonomía para Galicia establece a competencia exclusiva da Comunidade Autónoma en materia de montes e aproveitamentos forestais, sen prexuízo do disposto no artigo 149.1.23 da Constitución.

Ó abeiro destas disposicións promulgáronse os Reais Decretos 167/81, 1234/83 e 1535/84, de traspaso de funcións e servicios á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de conservación da natureza.

Este convenio establécese ó abeiro do previsto na Lei 5/77, de 4 de xaneiro, sobre fomento da produción forestal, desenvolvida polo Real Decreto 1279/78, de 2 de maio, que aproba o seu regulamento, e modificado polo Decreto 69/84, de 23 de marzo da Xunta de Galicia.

Este convenio rexeráse polas cláusulas que a continuación se consignan:

1ª.— O convenio ten por obxecto:

a) A modificación das condicións establecidas nos Consorcios subscritos con datas do ano 1952.

para a repoboación dos terreos que se describen na cláusula 2.ª, quedando anulado este Consorcio na parte afectada polo presente convenio.

b) A incorporación a este novo contrato do voo e obras auxiliares creadas ó abeiro do Consorcio anterior.

c) A repoboación forestal dos terreos aínda susceptibles dela que se describen na cláusula segunda, a conservación e tratamento silvícola das masas que se creen, e o seu aproveitamento, ademais dos traballos de melloras do monte.

~~d) A conservación, tratamento silvícola e aproveitamento do arborado preexistente e independente do Consorcio anterior, que continuará pertencendo á entidade propietaria (rísquese, de non existir).~~

e) As obras e traballos complementarios e auxiliares concordantes cos anteriores fins.

2ª.— Os terreos afectados polo presente Convenio pertencen a os veciños de Villarino das Touzas.

e son os que a continuación se describen:

Denominación: Monte Vecinal en Mano Común de San Mamed

Termo municipal: Riós

Provincia: OURENSE

Situación administrativa e legal: Monte Veciñal en man común pertencentes os veciños de Villarino das Touzas.

Límites:

N.: Término de Rubiós

S.: Monte de Villardevós

L.: Términos de Santavaya y de Progo y monte Salto do Cabalo de Progo.

O.: Monte de Santa María, Trasiglesia y Fraira del Municipio de Villardevós y Montes de Fumaces.

Superficie: 95,1 Has.

Estado forestal: Repoblación Forestal de Pino pinaster y Pino sylvestris.

Con arborado pertencente á comunidade propietaria do chan: Vecinos de Villarino das Touzas

Con voo creado procedente da repoboación realizada en virtude do consorcio anterior, que se converte e anula: 91,0 Has. (OR-2045)

Sen vexetación arbórea: 4,1 Has.

Servidumes: Algunha de paso

3ª.— O chan continuará pertencendo * os veciños de Villarino das Touzas

que achega ó convenio:

- a) A súa participación no voo creado en virtude do consorcio sinalado.
- b) Os terreos descritos na cláusula segunda.
- c) O arborado da súa pertenza existente nestes terreos (rísquese se non existise).

4ª.— A Consellería de Agricultura, Gandería e Montes aporta ó convenio a súa participación no voo creado en virtude do anterior consorcio e as cantidades necesarias para cubri-los gastos a que dará lugar a súa execución.

Na correspondente conta de gastos, o CINCUENTA por cento contabilizarase en concepto de subvención; o restante CINCUENTA por cento, como anticipo reintegrable, ó interese do UN por cento anual.

5ª.— Como primeira partida da conta do convenio consignarase o saldo acreedor resultante de actualiza-las contas de gastos e ingresos dos consorcios anteriores, que quedarán total ou parcialmente extinguidos. Este saldo, que será a diferencia entre a suma das partidas de gastos sufragados pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e os ingresos desta considerarase anticipo e, a partir del, aplicaráselle á nova conta o réxime previsto de subvencións e anticipos.

A relación de consorcios a converter é como segue: OR - 2045

6ª.— As propostas ou proxectos necesarios para o desenvolvemento das finalidades consignadas serán aprobadas pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes.

7ª.— Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado creado durante a vixencia do convenio, e do incorporado a el, segundo a cláusula 1.ª, apartado b), o TRINTA por cento será para a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, e o SETENTA por cento restante, para a comunidade propietaria do terreo.

Dos ingresos obtidos en cada aproveitamento do arborado preexistente no monte e, daquela, pertencente ós propietarios do chan, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes recibirá o — por cento, e a comunidade propietaria, o — por cento restante.

Se, como consecuencia da execución de un aproveitamento, a participación da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes excedese do saldo acredor existente nese momento, en concepto do anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, entregárase o exceso a comunidade propietaria.

Os ingresos obtidos dos restantes aproveitamentos, que se realizarán previa conformidade da comunidade propietaria, e que estarán subordinadas en canto á súa localización, época e contía, ás necesidades da repoboación e conservación do voo, corresponderán ó titular do chan.

8ª.— En caso de incendio, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes procederá ó aproveitamento do voo existente no terreo sinistrado, distribuindo o importe que se obteña, de acordo coas normas establecidas no convenio, e á restauración da masa arbórea nas mesmas condicións económicas que se estipulan para o resto dos traballos.

9ª.— O presente convenio, para o seu pleno funcionamento e eficacia a tódolos efectos como título auténtico, deberá ser subscrito pola comunidade propietaria do chan e pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, figurando no mesmo certificación do acordo da Xunta de Comunidade co «quorum» regulamentario, no que se designe a persoa autorizada a efectos da signatura do Convenio.

Ata que teña lugar a devolución do anticipo, a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes asumirá a posesión do voo, establecéndose un dereito real de garantía sobre este que, sen máis requisitos có contrato administrativo, será inscristible no Rexistro da Propiedade.

10ª.— A duración deste convenio será por un período de CUARENTA anos.

Transcorrido este tempo, e se a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, coa súa participación en beneficios que se consigna no primeiro parágrafo da cláusula sétima, cubrise o seu saldo acredor, en concepto de anticipo reintegrable segundo a cláusula cuarta, quedará automaticamente extinguido o convenio, reintegrándose o chan e as existencias que sustentase á plena posesión do seu titular.

En caso contrario, prorrogárase o convenio automaticamente ata que o resarcimento teña lugar.

Caso de que o saldo acredor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes se cubrise antes de que transcorra o prazo de duración do convenio, considerárase este tacitamente renovado, de non existir manifestación expresa dalgunha das partes.

En calquera momento poderá cancelarse o convenio, previo aboamento á Consellería de Agricultura, Gandería e Montes do saldo pendente.

A extinción do convenio leva consigo que a totalidade do voo existente pase ó titular da propiedade do chan, con exención do Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

11ª.— Tódalas melloras realizadas no monte, tales como camiños, construcións, etc., quedarán a beneficio do titular do chan ó se extingui-lo convenio; sen embargo, os camiños, puntos de auga e casetas de vixilancia contra incendios forestais, quedarán gravados cunha servidume de uso a favor da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes, se esta o precisar.

12ª.— A especie a utilizar para a repoboación forestal obxecto deste convenio será Pinus pinaster, pinus sylvestris e outras especies que se considere óptima para os montes.

13ª.— O convenio terá carácter administrativo, e a Consellería de Agricultura, Gandería e Montes interpretará e resolverá tódalas cuestións que se susciten, derivadas do seu cumprimento.

Contra do presente convenio poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous (2) meses.

Don JOSE MANUEL BALTAR BLANCO -----, encargado da sección provincial do Rexistro Xeral de Montes Veciñais en Man Común.

CERTIFICO:

1.— Que entre os antecedentes que obran en poder deste rexistro figura copia dos estatutos da comunidade propietaria do monte veciñal en man común "SAN MAMED", a favor dos veciños de --- Vilariño das Touzas, no concello de RIÓS. -----

| 2.— Que, así mesmo, figura Don MANUEL PÉREZ PÉREZ -----, e Don MANUEL QUEIJA TARRAZO -----, como presidente e secretario, respectivamente, da xunta rectora, dende o 10 xaneiro 1994 ata o 19 xaneiro 1998. ---

E para que conste, expido a presente certificación en Ourense -----, a 29 de maio de 1996.



Don MANUEL QUEIJA TARRAZO -----, Secretario de la Junta de Montes de Villarino das Touzas.

CERTIFICO: Que as cláusulas que anteceden foron aprobadas por esta comunidade, cumpríndose o requisito do quorum, en sesión celebrada o día 17 de Marzo de 1.996 estando designado Don MANUEL PEREZ PEREZ representante dela para efectos da firma do convenio.

E para que conste, expido a presente certificación en Villarino das Touzas a de Mayo de mil novecientos noventa e seis.

O SECRETARIO,

Visto e prace,

O PRESIDENTE

Asdo.: MANUEL PEREZ PEREZ

Asdo.: MANUEL QUEIJA TARRAZO

D. CARLOS DEL ALAMO JIMENEZ -----, Director Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia, dá a súa conformidade ás bases do presente convenio, e propón a súa sinatura.



Pola propiedade,

Pola Consellería de Agricultura, Gandería e Montes,

O CONSELLEIRO;

P/D

O SECRETARIO XERAL,

Asdo.: Antonio Luis Rosón Pérez

(O. do 13/12/93)

